

**PROTOCOLO DE ACTUACIÓN PARA AS ESCOLAS INFANTÍS 0-3 FRONTE AO
CORONAVIRUS E APLICABLE A CASAS NIÑO, PUNTOS DE ATENCIÓN Á
INFANCIA, ESPAZOS INFANTÍS E LUDOTECAS - (Revisión: Agosto 2021)**

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

DIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA

ÍNDICE

1. Introducción.
2. Actuación en caso de detección dun caso de Coronavirus SARS-COV 2 nun Centro.
3. Liñas de actuación no ámbito de escolas infantís.
 - 3.1. Cuestións sobre as medidas previas ao comezo da actividade.
 - 3.2. Cuestións relativas ao mantemento da distancia de seguridade.
 - 3.3. Cuestións organizativas.
 - 3.4. Cuestións referidas á hixiene e á limpeza.
 - 3.5. Medidas relativas ás nenas e nenos.
 - 3.5.1. Momentos de chegada e acceso aos Centros.
 - 3.5.2. Actividade nas aulas e medidas de hixiene.
 - 3.5.3. Momentos de xantar.
 - 3.5.4. Momentos de descanso e sono.
 - 3.5.5. Outras recomendacións.
 - 3.6. Medidas relativas ás familias.
 - 3.7. Medidas relativas a empresas externas e terceiros alleos aos centros.
4. Espazos infantís e ludotecas.
5. Anexos.

ANEXO I. Enquisa de autoavaliación.
ANEXO II. Circuito de actuación ante un caso sospeitoso fóra do Centro Educativo.
ANEXO III. Como actuar ante síntomas de Covid-19 non Centro Educativo.

1- INTRODUCCIÓN

As medidas preventivas establecidas nos protocolos fronte á Covid-19 durante o curso escolar 2020/2021, as boas prácticas das e dos profesionais de Educación Infantil e a colaboración das familias fixeron que os gromos e o número de aulas en corentena tivesen niveis de incidencia moi baixos.

Os centros educativos teñen un papel fundamental no desenvolvemento da infancia. E dada a evidencia da transmisión por aerosois e a non dispoñibilidade de vacinas na franxa de idade 0-3, aínda que a práctica totalidade do persoal das escolas xa estea vacunado faise preciso seguir mantendo determinadas medidas fronte á Covid 19 para todos os centros referidos neste protocolo.

Neste sentido, os datos respecto de casos e gromos de Covid-19 durante o curso 2020/2021 confirman a baixa incidencia nas Escolas Infantís e reafirman que os centros educativos son espazos seguros e poden e deben garantir o seu funcionamento.

Na poboación destas idades, polas súas características, é difícil garantir as medidas preventivas, mais a evidencia científica parece indicar unha menor capacidade de infectarse e de transmitir nestes grupos de primeiro ciclo de educación infantil, pero tamén nos de segundo. Por outra banda, o coñecemento da enfermidade e da transmisión da mesma acadado dende o inicio da pandemia permite xa revisar determinadas medidas implantadas no anterior protocolo.

As medidas que se contemplan deben ser sostibles e poder manterse durante todo o tempo preciso para a prevención e control da Covid-19. En todo caso, deberán actualizarse según xurdan novas evidencias.

De cara á revisión do protocolo para o curso 2021/2022 tense en conta a situación epidemiolóxica, o avance no proceso de vacinación, a revisión da evidencia científica dispoñible e a experiencia acadada. Non obstante, hai o consenso de que os centros educativos deben permanecer abertos polo seu impacto na saúde, no benestar emocional, na equidade e no nivel educativo na infancia e adolescencia.

Este protocolo foi revisado polas autoridades sanitarias autonómicas e son obxecto de revisión continua en función do risco sanitario e das decisións que adopten as

autoridades autonómicas e estatais. As medidas actualizaranse se os cambios na situación epidemiolóxica así o requiren.

2- ACTUACIÓN EN CASO DE SOSPEITA E/OU DETECCIÓN DE CASO DE CORONAVIRUS SARS-COV COV2.

2.1. Sospeita fóra do centro

No caso de que calquera persoa (alumnado, nenos e nenas usuarios, persoal docente, persoal non docente) presente síntomas compatibles de Covid-19 non deberá acudir ao centro escolar, e deberá informar desta circunstancia ao centro educativo.

Así mesmo, deberá pórse en contacto co centro de saúde ou consultorio médico nas seguintes 24 horas para solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra, médico de atención primaria, mutua, ou servizo de urxencias/061 no caso de sintomatoloxía grave. Se non consegue contactar cos servizos sanitarios, poderá chamar ao 881002021. Os profesionais sanitarios serán os que valorarán a clínica, e prescribirán a realización das probas que consideren necesarias para confirmar o caso.

No caso de que o persoal sanitario prescriba a realización dunha proba diagnóstica de infección activa (PDIA), como pode ser unha PCR ou unha proba de detección de antixeno, o caso sospeitoso deberá quedar en illamento domiciliario seguindo as indicacións do persoal sanitario correspondente.

Os conviventes dunha persoa con síntomas compatibles coa Covid (alumno/a ou profesional) que se encontre á espera do resultado, evitarán as interaccións sociais que sexan prescindibles ata que se confirme o resultado, pero non será necesario que garden corentena no domicilio, podendo acudir tanto á escola como ao seu posto de traballo.

2.2. Sospeita no centro

Todo o alumnado, nenos e nenas usuarios, persoal docente e o persoal non docente que presente sintomatoloxía compatible coa Covid-19 estando no centro educativo (febre maior de 37,5°C, tose seca, dificultade respiratoria, fatiga severa, cansazo, dor muscular, falta de olfacto, falta de gusto, dor de garganta e diarrea) serán considerados casos sospeitosos de infección por SARS-CoV-2.

Aquelas persoas con síntomas que poidan facelo, deberán pórse unha máscara

cirúrxica e abandonar o centro para dirixirse ao seu domicilio, onde deberán quedarse en illamento.

No caso da aparición dunha persoa do centro con síntomas compatibles de Covid-19, se lle facilitará unha máscara FFP2 en tanto se ille no espazo previamente establecido polo persoal do centro, separado do resto das persoas á espera de que reciba instrucións médicas, a poder ser, convenientemente ventilado. **No caso de que os síntomas aparezan en persoas que precisan ser acompañadas -é dicir, un alumno-, deberán ser trasladadas á sala habilitada para o illamento e a persoa acompañante utilizará unha máscara tipo FFP2 xunto cunha pantalla.**

A sala de illamento deberá ter unha ventilación axeitada e estar provista de xel hidroalcolico, panos desbotables e papeleira de pedal. Esta situación debe ser notificada ao Responsable COVID do Centro, que deberá informar da situación á familia ou persoa de referencia do caso sospeitoso (pais, titor etc.). Esta persoa deberá presentarse no centro á maior brevidade posible para levalo ao seu domicilio.

A continuación, a familia, persoa de referencia ou o propio paciente deberá pórse en contacto co centro de saúde ou consultorio médico nas seguintes 24h para solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra, médico de atención primaria, mutua, ou servizo de urxencias/061 no caso de sintomatoloxía severa. Se non conseguise contactar cos servizos sanitarios, poderá chamar ao 881002021. Os profesionais sanitarios serán os que valorarán a situación clínica, e prescribirán a realización das probas que consideren necesarias para confirmar o caso.

De prescribir o persoal sanitario a realización dunha PDIA, o caso sospeitoso continuará en illamento domiciliario seguindo as indicacións do persoal sanitario correspondente. Os conviventes dunha persoa con síntomas compatibles coa Covid-19 (alumno/a ou profesional) que se encontre á espera do resultado, evitarán as interaccións sociais que sexan prescindibles ata que se confirme o resultado, pero non será necesario que garden corentena no domicilio, podendo acudir tanto á escola como ao seu posto de traballo

[2.3. Caso confirmado](#)

No caso de que a PDIA solicitada resulte positiva, o caso sospeitoso pasará a considerarse caso confirmado de Covid-19 e os profesionais sanitarios de atención primaria poranse en contacto co paciente ou a súa persoa de referencia para informar

deste resultado, realizar o seguimento clínico e facer fincapé nas medidas hixiénicas e de illamento.

2.4. Seguimento de contactos no centro

Para comezar a identificación de contactos estreitos relacionados co centro o antes posible, recoméndase que o caso confirmado ou a persoa de referencia notifique o resultado positivo ao centro. Deste xeito, o Responsable Covid do Centro poderá comezar a recompilar a información necesaria para a identificación dos contactos estreitos.

Sempre que ao Responsable Covid do Centro se lle notifique que existe unha persoa cun diagnóstico confirmado de Covid-19 no centro, deberá pórse en contacto coa Central de seguimento de contactos (CSC) para identificar os contactos estreitos do ámbito educativo. Poderá facelo a través do número de teléfono específico para educación, habilitado de 9 a 22h todos os días da semana.

En todo este proceso, esixírase extremar a confidencialidade profesional acerca da información da persoa diagnosticada da Covid.

3- LIÑAS DE ACTUACIÓN NO ÁMBITO DAS ESCOLAS INFANTÍS

A implantación de medidas preventivas nunha escola infantil 0-3 é moito máis complexa que para outros ciclos superiores, toda vez que a maiores da actividade lectiva, esta complementábase coa cobertura dunha serie de necesidades básicas como durmir ou xantar, ademais de outras afectivas incompatibles co afastamento social recomendado ante o coronavirus. Os coidados dun lactante ou dun neno ou nena de 0-3 anos, tanto no fogar como na escola, precisa do estreito contacto humano e dun vencello afectivo que facilite o crecemento físico e emocional dos máis cativos.

Neste contexto é imperativo o establecemento dunha planificación para o mantemento da actividade presencial das escolas infantís de cero a tres anos, casas-niño, espazos infantís e ludotecas.

Trátase de medidas de carácter preventivo que teñen por obxecto a protección de todas as persoas usuarias dos centros, así como de todas as persoas integrantes dos equipos técnicos e resto de persoas traballadoras.

Son medidas dirixidas a minimizar o máximo posible a carga viral nas instalacións, que afectan á organización das diferentes intervencións e funcións que debe desenvolver o persoal, así como os protocolos de actuación coas nenas e nenos, instrucións para as familias e protocolos de actuación para empresas externas e terceiros alleos aos centros. Tamén para as tarefas de limpeza e desinfección, así como á reestruturación de espazos e da xornada laboral segundo proceda en cada caso.

Todas estas medidas serán revisadas en función da evolución da situación epidemiolóxica e da información que trasladen as autoridades sanitarias, e adaptaranse en todo momento ás directrices proporcionadas dende a Consellería de Política Social.

3.1. MEDIDAS RELATIVAS AO PERSOAL DO CENTRO: CUESTIÓN SOBRE AS MEDIDAS PREVIAS AO COMEZO DA ACTIVIDADE.

INTRODUCCIÓN.

Todas as medidas contempladas no presente protocolo serán recollidas e adaptadas convenientemente no “plan de contixencia” de cada centro en función das súas propias características.

- **O servizo de prevención de riscos laborais deberá identificar e valorar as medidas para o persoal especialmente sensible**, coas patoloxías indicadas polas autoridades sanitarias como perigosas, ademais das traballadoras en estado de xestación, polo que será necesaria a correspondente adaptación do seu posto de traballo, coa posibilidade de que se manteñan en situación de IT, análoga ou de teletraballo.
- **Non acudir ao Centro** en caso de ter síntomas compatibles coa Covid e a actuar segundo o apartado 2.
- **No caso de contactos que por criterios sanitarios** non son corentenados valorarase o subministro de máscara FFP2 ou superior, así como o reforzo doutras medidas no centro.
- **Difundir as recomendacións da autoridade sanitaria** fronte ao coronavirus, mediante carteis no centro de traballo.
- **A ventilación.** A transmisión por aerosois do SARS-CoV-2 fai preciso

enfaticar na importancia da ventilación e reforzar recomendacións relacionadas.

- a) A ventilación natural é a opción preferente. Recoméndase ventilación cruzada no maior tempo posible, con apertura de portas e/ou ventanas opostas ou polo menos en lados diferentes da sala. Deberá ventilarse con frecuencia, incluíndo alomenos durante 15 minutos ao inicio e ao final da xornada e o maior número de veces posible, todo elo tendo en conta as medidas de seguridade necesarias.
- b) Pódese empregar ventilación mecánica debendo aumentarse o subministro de aire exterior e diminuír a facción de aire recirculado ao máximo. Estes sistemas son os mesmos empregados para a climatización e funcionan aumentando a renovación de aire exterior. Os equipos de ventilación forzada deben estar ben instalados e garantirse un adecuado mantemento.

3.2. CUESTIÓNS RELATIVAS AO MANTEMENTO DA DISTANCIA DE SEGURIDADE

- **De forma xenérica, manter 1,5 metros de seguridade** entre persoas traballadoras propias e alleas con excepción do grupo de convivencia estable. Estas distancias serán de aplicación en xeral con todas as persoas que se relacionen co persoal traballador, agás os nenos e nenas escolarizados.
- **Efectuar un control adecuado de acceso ao centro doutros operadores terceiros.** Fixar entradas e saídas graduadas nas portas de acceso. Sempre que os centros así o permitan, establecer zonas alternativas de entrada para provedores e terceiros, ou no seu defecto, informar e fixar horas, zonas de acceso e procedementos para entrar na escola, convenientemente organizados pola dirección.
- **Evitar coincidir en espazos pequenos ou reducidos** como vestiarios, zonas de aseo, comedores, almacéns, lavandería e outros similares. En todo caso, a presenza de persoal dependerá da posibilidade de manter distancias mínimas establecidas, procurando non permanecer dentro dos ditos espazos máis aló do tempo imprescindible para o uso e función que ten cada un deles. Permítese o uso de ascensores cos grupos estables de convivencia pero non para uso da poboación en xeral.

- **Para as actividades grupais dos equipos evitarase na medida do posible os espazos reducidos**, non debendo perderse a distancia establecida entre persoa e persoa e mantendo os lugares debidamente ventilados. Dentro das actividades de planificación e programación, potenciaranse as reunións a nivel de aula/parella e grupo de idade/nivel, que poderán realizarse na escola respectando as distancias. Aquelas outras reunións que signifiquen unha maior concentración de traballadores no mesmo espazo e no mesmo momento, poderán realizarse en lugares moito máis amplos como salas de usos múltiples. En calquera caso, será obrigatorio o uso de máscara de protección incluso mantendo a distancia de seguridade.

3.3. CUESTIÓNS ORGANIZATIVAS

- **Difundir as recomendacións entre os usuarios e usuarias dos centros.**
- **Cada centro contará cunha persoa que será responsable** da coordinación das medidas de prevención e control da Covid-19 que se establecen neste documento. Esta será a encargada de contactar co CSC se existise confirmación dun positivo para activar o protocolo no centro. No caso dun gromo ou sospeita do mesmo, o responsable Covid deberá poñerse en contacto coa Xefatura Territorial de Sanidade para coordinar as medidas de control deste. Tamén poderán dirixirse ao centro de saúde de referencia máis próximo á escola para resolver algunha dúbida ou incidencia.
- No caso de aparecer un caso positivo da Covid-19 nunha escola infantil 0-3 seguiranse as directrices indicadas polo CSC.
- **Comunicar as medidas preventivas** adoptadas a outras empresas, autónomos e persoas que poidan prestar algún servizo no centro. Difundirase a información e normas de acceso, permanencia e traballos que se van realizar dentro dos centros entre empresas que presten os seus servizos e os seus traballadores (persoal de cociña, limpeza, subministracións, servizos, mantemento, xardinería e outros) sobre cantas medidas preventivas se adopten.
- **Establecer quendas** de entrada, saída, comedores e outros para todo o persoal do centro, que se modulará en función das súas características

(número de traballadores e traballadoras, ratios e outros factores propios de cada centro), recolléndooas no seu plan de continxencia.

- Tomaranse as medidas organizativas pertinentes de cara á **distribución do persoal** en función das ratios e número de unidades abertas, así como dos diferentes momentos da xornada, **e reparto das tarefas**.
- **Limitar as tarefas que impliquen contacto entre o persoal concorrente** nos diferentes espazos, momentos e rutinas diarias, como a coincidencia co persoal de limpeza.
- **Adaptar o posto de traballo ou limitar tarefas** a aqueles traballadores e traballadoras que sexan máis vulnerables á infección, sempre tras unha avaliación polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais da empresa.
- Reforzar a **prevención de riscos propios da actividade**.

3.4. CUESTIÓNS REFERIDAS Á HIXIENE E LIMPEZA

- **Reforzar** a dispoñibilidade de material de limpeza e hixiene.
- **Intensificaranse as frecuencias de limpeza de elementos máis comunmente usados e tocados**, sobre todo nos momentos de entrada e saída de usuarios e usuarias ao centro.
- **Limpeza e desinfección** alomenos unha vez ao día, reforzando en aqueles espazos en función da intensidade de uso por exemplo nos aseos.
- **Empregaranse** desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recién preparada o calquera dos desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade.
- **A roupa de traballo será de uso exclusivo do centro**. En ningún caso se virá da casa con ela posta. Á chegada á escola procederase ao cambio da roupa e calzado persoal pola roupa de traballo, gardándooa adecuadamente e separada da do resto do persoal. Ao final da xornada lavarase conforme ás normas xerais establecidas polas autoridades sanitarias, **de xeito preferente no centro**.

- Na mesma entrada os traballadores ou traballadoras procederán á desinfección das mans ata que poidan lavalas convenientemente con auga e xabón nos vestiarios.
- **Manter os vestiarios o mais diáfanos posible**, prescindindo de todo o superfluo (excedente de roupa e outras pertenzas persoais) que facilite a súa limpeza e a das taquillas.
- Recomendación de lavado das mans como medida preventiva fundamental para previr a transmisión do virus.
- **Facilitar o lavado frecuente das mans, mínimo de 5 veces ao día** para o persoal, con auga e xabón como primeira opción, dispoñendo de xabóns en todos os baños de adultos e nenos e nenas, así como nos puntos de auga dos que se dispoña en aulas e/ou zonas de preparación de alimentos ou de solucións hidroalcohólicas para determinados momentos e rutinas que non permitan o lavado entre acción e acción.
- **O secado de mans será con papel dun só uso** e non se empregará a lencería dispoñible no centro. Disporase de papeleira con tapa e pedal. Non utilizar secadores de mans de aire, nin sistemas de limpeza de aire.
- **Recoméndase preferiblemente lavado de mans para os momentos de hixiene das cativas e cativos entre cambio e cambio, para os momentos de alimentación-**
- **Para o caso de usar luvas, cando se retiren deberán observarse as recomendacións** para a súa retirada, desbotándoas de xeito correcto nun recipiente con tapa, e procedendo de xeito inmediato ao lavado correcto das mans.
- **Optarase sempre polo lavado frecuente das mans e de xeito meticuloso con auga e xabón.**
- **Trala manipulación de documentos** prestarase unha especial atención ao lavado de mans ou desinfección con solución hidroalcohólica.
- Cubrir sempre as vías respiratorias **cun pano dun só uso** ou co antebrazo

ao tusir ou esberrar e desbotalo de xeito adecuado.

- Evitar tocarse **os ollos, o nariz e a boca**, xa que as mans facilitan a transmisión.
- Limpar e desinfectar frecuentemente espazos de uso común, equipamento, e utensilios.
- **Será obrigatorio o uso de máscaras de protección que será de tipo cirúrxica.** No caso da aparición dunha persoa do centro con síntomas compatibles de Covid-19, se lle facilitará unha **máscara FFP2** en tanto se lle nun espazo previamente establecido polo persoal do centro, separado do resto das persoas á espera de que reciba instrucións médicas, a poder ser, convenientemente ventilado.
- Os útiles, equipos, utensilios de comida, obxectos de traballo, **deberán hixienizarse tras o seu uso.**
- **Evitar compartir** alimentos, bebida, utensilios e outros obxectos durante a comida.
- **Non utilizar os teléfonos móbiles durante os momentos de atención aos usuarios** e usuarias.
- Evitarase, da mesma forma, a utilización por parte dos profesionais de obxectos persoais durante a xornada laboral.

3.5. MEDIDAS RELATIVAS AOS NENOS E NENAS

3.5.1. MOMENTOS DE CHEGADA E ACCESO AOS CENTROS

- **Os nenos ou nenas que teñan febre (máis de 37,5º), tose ou síntomas respiratorios, aínda que sexan leves, non acudirán aos centros.** De igual modo, aqueles que mantiveron contacto cunha persoa afectada dentro ou fóra da unidade familiar tampouco deberán acudir ao centro. Non será necesario un informe médico para a xustificación da ausencia, abondará cunha xustificación.

- O material das nenas e nenos que sexa para uso cotiá na escola, coma os obxectos de apego, etc, serán entregadas ao persoal debidamente marcadas, lavadas e pechadas en bolsas plásticas evitando que saian do centro.

3.5.2. ACTIVIDADE NAS AULAS E MEDIDAS DE HIXIENE

- **As nenas e nenos beberán por vaso ou biberón de uso exclusivo da escola**, con limpeza e desinfección diaria.
- **Recoméndase** manter na medida do posible os grupos estables de convivencia á hora da actividade. No caso de mezclarse grupos, recomendase que sexa en actividades ao aire libre e no alumnado do mesmo grupo.
- **Sobre todo na entrada e na saída**, onde poida existir a confluencia de diferentes grupos, limitarase o aforo e promoveranse actividades para que manteñan unha distancia prudente entre os mencionados grupos, extremando se cabe máis as medidas de hixiene.
- En espazos exteriores poderán confluír diferentes grupos estables de convivencia se son do mesmo grupo de idade.
- Nos **grupos de convivencia estables** formados por un número de nenos e nenas e os seus profesores/educadores, non será preciso manter a distancia de seguridade.
- **Incluiranse como rutinas principais as de lavado frecuente de mans con auga e xabón dentro das aulas**, incluíndo dinámica. Prohibido o uso de panos ou toallas.
- **Usar papel dun só uso nos cambiadores** para o cambio de cueiros. Se non se pode, desinfectar a superficie do cambiador con produtos autorizados polo Ministerio de Sanidade.
- O **uso de cepillo de dentes** incorporarase no momento no que o equipo poida garantir o uso correcto por parte dos nenos e nenas.
- Para a limpeza do nariz empregaranse os panos de papel dun só uso que

deben ser eliminados de forma inmediata nun contedor con tapa.

- **Lavado frecuente e esterilización diaria de chupetes e biberóns** de uso exclusivo da escola.

3.5.3. MOMENTOS DE XANTAR

- **O refrixerio de media mañá servirase sempre de xeito individualizado** para evitar que os cativos compartan utensilios.
- **Diversificar os lugares onde se sirvan as comidas** aos nenos e nenas, establecendo quendas de comedor ou ben acoutando zonas para os nenos de cada aula dentro do espazo de usos múltiples.
- **Manter as distancias de seguridade entre nenos e nenas nas mesas de comedor** na medida do posible, para evitar o intercambio de comida e utensilios.

3.5.4. MOMENTOS DE DESCANSO E DE SONO

- **Nos momentos de descanso**, as camiñas colocaranse mantendo a distancia de seguridade, ou ben alternando a posición dos cativos de xeito que non coincidan cara con cara. De non ser posible, poderanse empregar outros espazos para o descanso.
- **De non lavarse a roupa de cama todos os días** cada neno e nena empregará sempre a mesma.
- **Lavado frecuente de sabas** a temperatura axeitada -recoméndase entre 60 e 90º- e igualmente na desinfección de camas.
- **Extremarase o coidado de non intercambiar roupa de camas de nenos e nenas.**

3.5.5. OUTRAS RECOMENDACIÓNS

- **Se as características do centro o permiten e así se establece no Plan de Continxencia do centro, nos períodos de adaptación, as familias** poderán acompañar aos nenos e nenas na aula ou no exterior seguindo as medidas de

prevención, hixiene e promoción da saúde e según a situación epidemiolóxica, tendo en conta:

- 1) Non se pode participar se a persoa acompañante presenta síntomas ou presentounos nos últimos dez días, ou se no mesmo período tivo contacto estreito cunha persoa con Covid-19 confirmada ou con sintomatoloxía.
 - 2) Un o unha acompañante por neno ou nena.
 - 3) Cada acompañante só pode ter contacto co seu fillo ou filla e mantendo a distancia mínima dun metro dos demais, para o que hai que a programación deste período debe ser máis meticulosa que nunca.
 - 4) As persoas acompañantes seguirán todas as medidas de prevención persoal establecidas, especialmente a hixiene de mans e a máscara ben colocada.
 - 5) É importante que neste momento os espazos estean ben ventilados e que se fraccionen os grupos de idade para a menor confluencia de persoas.
- **Fomentar propostas en pequeno grupo** onde coincidan poucos nenos e nenas no mesmo espazo especialmente naqueles momentos de entrada, saída ou de necesidade de confluencia de diferentes grupos. Uso de **materiais que se poidan limpar, desinfectar ou cuarentenar**, axeitados segundo o grupo de idade, xerando distintas posibilidades de xogo.
 - **Usaranse xoguetes e obxectos que se poidan limpar ou desinfectar** de xeito sinxelo. De empregarse materias de tea, deben poder lavarse a altas temperaturas. Aconséllase hixiene de mans antes e despois do uso de obxectos compartidos. Poden empregarse por diferentes grupos de convivencia estables sempre e cando se limpen antes e despois de cada grupo.
 - **Alternancia no uso dos espazos comúns** de patios interiores ou corredores e distribución de tempos para o seu uso por pequenos grupos.
 - **Dar prioridade ao uso da zona exterior**, empregando materiais de doada limpeza e desinfección, intensificándoa, tanto para materiais como elementos de xogo e os espazos no intercambio dos grupos.

- **Ventilación frecuente e permanente de ser posible** de todos os espazos interiores, aproveitando as saídas ao exterior ou zonas comúns.

3.6. MEDIDAS RELATIVAS ÁS FAMILIAS

- **As familias tomarán a temperatura dos nenos e nenas na casa** antes de levalos á escola. **As nenas e nenos que teñan febre (máis de 37,5º), tose ou síntomas respiratorios non acudirán aos centros.** De igual modo, aqueles que mantiveron contacto cunha persoa afectada dentro ou fóra da unidade familiar deberán permanecer no domicilio.
- Previa á nova incorporación ao centro as familias **asinarán unha Declaración Responsable** onde se comprometan a cumprir as indicacións e medidas de control do virus que se establezan por parte das autoridades sanitarias, a non asistencia do neno o nena á escola en caso de febre superior a 37,5°C ou outro síntoma de enfermidade, e a comunicación das incidencias que se produzan dentro do ámbito familiar ao centro escolar, entre outras. Esta declaración entregárase xunto co resto da documentación no inicio do curso.
- De ser detectada febre ou outros síntomas durante a xornada, as familias deberán presentarse no centro coa maior brevidade posible, **polo que deberán estar localizables en todo momento.** O neno sintomático dentro do centro debe ser separado do resto dos nenos á espera da chegada dos pais.
- **A entrega e recollida dos nenos e das nenas realizarase por unha soa persoa** que acudirá debidamente protexida coa utilización de máscara de protección, mantendo en todo momento as distancias de seguridade respecto do persoal da escola e outros usuarios ou usuarias.
- **Se as características do centro o permiten -por exemplo, a existencia de accesos directos ás aulas desde o exterior-, as familias poderán deixar os seus fillos ou fillas nas aulas** según as normas do 'Plan de Continxencia' de cada centro, que deberá ter en conta circuitos de entrada e saída, **a confluencia de persoas e limitando a súa presenza ao tempo mínimo imprescindible.** Nos momentos de entrega e recollida **manteranse as distancias de seguridade respecto do persoal** do centro e outras familias.



- É moi importante establecer procedementos claros para deixar e recoller ás nenas e nenos do centro, así como ofrecer tamén alternativas, se fora preciso, de readaptación ante ausencias por síntomas ou cuarentenas, según as necesidades das nenas e nenos e das familias.
- **Para unha chegada e entrega graduada dos nenos e nenas, pregarase puntualidade ás familias e o cumprimento estrito dos horarios previamente acordados**, así como que manteñan a distancia de seguridade entre elas.
- As familias **poderán deixar os carriños** nos lugares habilitados nos centros previamente á situación da pandemia.
- En relación coa comunicación e intercambio de información diaria coas familias **potenciarase o uso de aplicacións de mensaxería** na medida do posible, por vía telefónica ou calquera outra establecida en cada centro cos pais e nais, para trasladar as incidencias da xornada, evitando así o uso das axendas en papel.
- **No reinicio da actividade e durante o proceso de inscrición e matrícula** establecerase a cita previa coas familias.
- Para as reunións escola/familia estableceranse citas previas **para a realización de titorías**, sempre tomando as medidas de seguridade e hixiene recomendadas en cada momento polas autoridades sanitarias.
- **As reunións e actividades de ANPAS nas instalacións do centro**, e as necesarias dos Consellos Escolares (**aínda que se deben fomentar as telemáticas**), ou outros órganos de representación terán lugar preferentemente fóra do horario de atención directa aos nenos e ás nenas.
 - o **Estas reunións** deberán recollerse nun Plan de adaptación á situación Covid-19 no curso 21/22 que deberá constar no Plan de Continxencia de cada centro e determinará con claridade as responsabilidades das persoas organizadoras ou xestoras.
- **As reunións coas familias de inicio e fin de curso serán substituídas por reunións previamente organizadas por aulas**, coa asistencia do menor número de nais e pais, coa presenza dun só proxenitor, sempre fóra do horario

lectivo, e gardando todas as medidas preventivas que se establezan polas autoridades competentes para cada momento, referidas ao ámbito educativo e/ou profesional, procurando respectar aforos e procurando realizalas en lugares amplos e suficientemente ventilados de non seren no exterior.

3.7. MEDIDAS RELATIVAS A EMPRESAS EXTERNAS E TERCEIROS ALLEOS AOS CENTROS

- **O centro comunicará e difundirá as medidas preventivas** adoptadas a outras empresas, autónomos e persoas que poidan prestar algún servizo no centro, dentro da correspondente coordinación da actividade empresarial.
- Calquera traballador ou traballadora **externo ou externa** ao centro deberá contemplar as medidas de seguridade establecidas polas súas propias empresas.
- Ademais deberán **asumir o cumprimento estrito das medidas establecidas neste protocolo e futuros para o cumprimento das súas funcións e desenvolvemento do seu traballo dentro das escolas infantís**, tanto se o servizo prestado é habitual como puntual.
- Procurarán **ter establecida con anterioridade á súa chegada graduada ao centro, facilitando unha hora aproximada** que evite interromper na medida do posible as dinámicas dos centros.
- **Non acudir a traballar con febre (> 37,5º), síntomas respiratorios ou se houbo contacto próximo cunha persoa infectada.** Para casos de contactos ou sospeitas, o persoal seguirá as indicacións das autoridades sanitarias.
- Sempre que existan, **accederán polas portas alternativas a aquelas reservadas aos nenos e nenas** previstas con anterioridade en cada centro, ou ben pola de acceso xeral onde non exista a dita posibilidade, **sempre provistos de calzas.**
- Para acceder **sempre contarán coa autorización e coñecemento previo das direccións das escolas**, provistos de máscaras cirúrxicas como mínimo.
- Á súa chegada **avisarán mediante o timbre de entrada**, ou mediante chamada telefónica.

- **Usarán xel hidroalcohólico** antes de acceder ás dependencias para a desinfección das mans.
- **Os estudantes en períodos de prácticas** nos centros estarán obrigados a proceder cumprindo todas as exixencias e requisitos recollidos no presente Protocolo, gardando en todo momento as distancias e as medidas de protección, así como a entregar a mesma Declaración Responsable que asinarán as familias, responsabilizándose de comunicar calquera circunstancia relativa a contactos ou síntomas de Covid de xeito inmediato á dirección do centro, e asinando diariamente o anexo I deste protocolo.

PERSOAL DE COCIÑAS E SUBMINISTRACIÓNS DE VÍVERES E OUTROS

- Os responsables de empresas de subministración de materiais serán os encargados de estibar as mercadorías de peso considerable nos lugares indicados, gardando as **distancias sociais recomendadas e poñendo as medidas necesarias que garantan a limpeza das subministracións, aparellos e ferramentas**, atendendo sempre as indicacións do persoal do centro
- **Os víveres e mercadorías destinadas aos servizos de cociña** subministraranse a través das portas de servizo desas instalacións sempre que as haxa.
- **O persoal de cociña deberá manter as instalacións deste espazo, os almacéns e estancias afectadas** ao seu servizo en estado de limpeza e desinfección axeitado e permanente.
- **De ser o caso, o persoal de cociña** atenderá os protocolos das súas empresas, **reforzando as dinámicas de lavado constante de mans e desinfeccións** de superficies e tiradores, pomos e outros.
- **O persoal de cociña** non accederá ás dependencias xerais do centro sen ir provistas de **máscaras de protección e luvas ou mans convenientemente desinfectadas** con lavado ou aplicación de xel alcohólico, e sempre manterán as distancias debidas co resto de persoal da escola.

PERSONAL DE LIMPEZA, XARDINERÍA , MANTEMENTO, ETC.

- **Reforzar a dispoñibilidade de material de limpeza e hixiene.**
- **O persoal de limpeza, xardinería, mantemento, etc. atenderá os seus propios protocolos** de seguridade laboral e persoal impostos polas súas propias empresas ou concellos, así como ao indicado pola escola infantil. Todos deberán **seguir as instrucións respecto do acceso ao centro** e a non concorrencia con moitos traballadores ou traballadoras no mesmo espazo, procurando que se manteñan convenientemente ventilados.
- O persoal de limpeza externo seguirá os protocolos marcados polas empresas correspondentes, e atenderán aqueles outros esixidos pola escola.
- **O persoal de limpeza reforzará con produtos adecuados, e previamente contrastadas as fichas técnicas coas direccións dos centros, as rutinas diarias e repaso das superficies** e elementos máis comunmente tocados como botóns, interruptores, pasamáns, tiradores e pomos de portas e mobles, teléfonos, baños, billas, barras de suxeición de nenos en aulas, cristais de portas e ventás á altura dos cativos, chans, etc.
- Atenderase igualmente as varandas **da parte exterior das zonas de patio e elementos de xogo.**
- **É indispensable a ventilación frecuente** de todos os espazos interiores, aproveitando as saídas ao exterior ou zonas comúns durante os tempos que permanezan na escola.
- As ferramentas, equipos de traballo... **deberán hixienizarse tras o seu uso.**

4. ESPAZOS INFANTÍS E LUDOTECAS

Todas as medidas recollidas neste protocolo para os nenos e nenas de 0-3 anos son aplicables nestes centros. A maiores, para os nenos e nenas maiores de tres anos, deberase ter en conta tamén as seguintes normas:



- Antes da entrada e despois da saída do espazo infantil ou ludoteca, será obrigatorio realizar unha adecuada hixiene de mans, tanto polos nenos ou nenas, como polas persoas acompañantes.
- En caso de que algunha das persoas ou nenos/as teñan síntomas compatibles coa Covid-19, temperatura superior a 37,5°C tal como se describe na enquisa de autoavaliación clínica da Covid-19, non poderán acudir ao centro.
- Será obrigatorio realizar unha adecuada ventilación do espazo, insistindo en ventilar ao menos 15 minutos ao inicio e ao fin da xornada, tendo especial atención ás medidas a este respecto establecidas no presente protocolo.
- Manterase, de forma xenérica, a distancia establecida de 1,5 metros.
- Será recomendable o uso de máscaras de protección a partires dos tres anos de idade e obrigatorio a partir dos seis anos, formando ás nenas e nenos na importancia do seu uso, nas medidas de distanciamento e nas medidas de hixiene.
- En actividades en combinación con outros servizos exteriores de animación infantil, bibliotecas, servizos de actividades culturais, recreativas ou deportivas reguladas, permitidas no Decreto que as regula, ademais das medidas de hixiene e distanciamento físico, seguiranse as normas específicas reguladas para cada unha delas. En todo caso, e como norma xeral estará prohibido o uso de inchables e piscinas de bolas
- As actividades conxuntas realizaranse en grupos dun tamaño adecuado que permita manter as normas de distanciamento físico e sempre coa máscara de protección. Tras unha actividade conxunta, será necesario proceder á ventilación como mínimo de 15 minutos.
- Ademais teranse en conta as medidas referentes a detección, vixilancia, prevención e control da infección por SARS-CoV-2.
- Rexistrarase o nome e un teléfono de contacto de todos os asistentes que se conservará arquivado durante un período de 28 días para a súa utilización en caso de producirse un gromo e facilitar o seu seguimento. Finalizado o prazo establecido poderase eliminar esta información da base de datos.
- No caso de aparecer un caso positivo da Covid-19 nun espazo infantil ou

ludoteca, valorarase realizar un test diagnóstico en 24 horas de existir clínica compatible coa Covid-19 a todo o persoal que tivera un contacto estreito co caso positivo no centro.

- No centro realizarase unha limpeza e desinfección en profundidade complementada con técnicas que maximicen o contacto con todo o entorno .

Limpeza e desinfección de máscaras hixiénicas reutilizables

Para a limpeza e desinfección das máscaras hixiénicas reutilizables, pode seguirse calquera dos seguintes métodos:

1. Lavado e desinfección das máscaras con deterxente normal e auga a unha temperatura entre 60º-90º (ciclo normal da lavadora).
2. Sumerxa as máscaras nunha dilución de 1:50 de lixivia con auga morna durante 30 minutos. A continuación, lave con auga e xabón e aclare ben para eliminar calquera lixivia residual e deixe secar.

ANEXO I. ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO COVID-19

Esta enquisa pretende ser útil para que a cidadanía poidan identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus. **De presentar calquera destes síntomas solicite consulta no seu centro de saúde.**

		<i>SI</i>	<i>NON</i>
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfato		
	Falta de gusto		
	Diarrea		
Existe algún motivo que xustifique os síntomas por parte do paciente?			


Ten actualmente síntomas? SI/NON

		<i>SI</i>	<i>NON</i>
Tivo <i>CONTACTO</i> nas últimas 3 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		
CONVIVIU nas últimas 3 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		

A interpretación dos resultados da enquisa realizarase tendo en conta os criterios clínicos e epidemiolóxicos, e coa definición do Ministerio de Sanidade de caso sospeitoso por SARS-CoV-2: calquera persoa cun cadro clínico de infección respiratoria aguda de aparición súbita de calquera gravidade que cursa, entre outros, con febre, tose ou sensación de falta de aire.

Outros síntomas atípicos como a dor de garganta, perda do olfato, perda do gusto, dores musculares, diarreas, dor torácico ou cefaleas, de inicio brusco e sen causa aparente, entre outros, poden ser considerados tamén síntomas de sospeita de infección por SARS-CoV-2 segundo criterio clínico.

ANEXO II. CIRCUITO DE ACTUACIÓN ANTE UN CASO SOSPEITOSO FÓRA DO CENTRO EDUCATIVO.



ANEXO III. CÓMO ACTUAR ANTE SÍNTOMAS DE COVID-19 NO CENTRO EDUCATIVO.

Síntomas máis frecuentes: febre, tos e sensación de falta de aire. Outros son a diminución do olfato e gusto, escalofríos, dor de cabeza, dor de garganta, debilidade xeral, dores musculares, diarrea ou vómitos.

